



María Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda, escritura e paixón¹

María Xesús Lama López

Dicía Wordsworth no prologo ás súas *Lyrical Ballads* que a capacidade de emocionar a mente humana é o mellor servizo que un escritor lle pode prestar á humanidade en calquera momento da historia porque, ao poñer de manifesto e ampliar esa nosa capacidade de emoción, permítennos percibir máis intensamente a beleza e dignidade da nosa condición, educan a nosa sensibilidade e contribúen a mellorar os individuos e por ende a sociedade.

Todos experimentamos con algunha lectura esa poderosa sensación de ter que apartar as páxinas do campo de visión da nosa ollada para recuperar o pulso e o alento, invadido o corazón pola forza da empatía cuns personaxes zarandeados polo destino ou momentos de intensa pulsión poética.

Mais, quen pensa que o ensaio académico pode aspirar a tal obxectivo? A miña primeira lectura da pluma de María Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda logrouno, e podo dicir que é o único caso que lembro dun ensaio que me fixo chorar e parar a lectura para recobrar o alento: “Sobre as orixes de Rosalía de Castro: a incluso de Santiago de Compostela e o caso de Josefa Laureana de Castro”, publicada na revista *A trabe de ouro* 39, no ano 1999.

Baixo ese título aparentemente anodino de puro descritivo escóndese un relato de moi dosificada calidade literaria que nos mergulla nun tempo tan próximo como descoñecido, a vida real do século XIX habitada, sen ir máis lonxe, polos avós dos nosos avós, e sen embargo tan afastada da nosa. Só unha labazada de realidade puntillosamente documentada pode conseguir trasladarnos a aquel mundo

xa inimaxinable, onde as criaturas entraban no orfanato polo torno xa medio mortas, despois de horas ou días de viaxe, coa esperanza de salvarlles só a alma cun apresurado bautizo *in extremis*; onde os choros dos nenos famentos atronaban as rúas próximas ao Hospital Real ou as crianzas que chegaban aos 5 anos eran expulsas ao mundo das duras rúas compostelás para loitar pola supervivencia expostos a calquera abuso, e onde as mulleres dos arredores tiñan que obedecer ordenanzas para aleitar orfos sen tasa.

Dese inferno, explicaba a autora, librouse Rosalía de Castro, a máis coñecida das nenas que pasaron pola incluso de Santiago, porque súa nai estaba moi lonxe de querer abandonala en tales condicións. Esta pioneira descrición das circunstancias e o contexto en que se produce o nacemento da escritora completouse ao longo dos anos con outras moitas achegas fundamentais para a comprensión da formación da personalidade Rosaliana, e polo tanto da súa obra, historicamente lastrada polo peso de interpretacións vencelladas coa súa biografía, unha biografía en boa parte inventada, especialmente nas súas derivas psicoloxistas.

O artigo é unha porta aberta para entrar na vida cotiá daquela época, e tamén unha contundente demostración do cálido entorno afectivo que lle permitiu a Teresa de Castro Abadía afrontar con afouteza unha maternidade condenada socialmente, mais este texto tamén é unha xoia literaria do xénero ensaístico. A partir de aquí toda a serie dos seus artigos rosalianos son achegas substanciais que removen tópicos asentados a forza de repeticións acrícticas.

¹ Publicado en *Galicia Confidencial* 25/09/2018.

Auténticos achados baseados sempre no levantamento de nova documentación descoñecida ou olvidada, entre os que destacaría de novo a vibrante reconstrución das actividades da mocidade liceísta en “Rosalía de Castro actriz: noticias e documentos”, primeira da súa serie de contribucións no *Boletín de estudios rosalianos*.

A profesora Álvarez Ruíz de Ojeda foi unha digna seguidora da xeira iniciada por Bouza Brey na investigación de arquivos e fontes para desvelar os misterios que rodearon a biografía rosaliana. Neste país noso de patrimonio arquivístico tan esquecido e disperso, ela demostrou unha vez tras outra que cómpre explorar nas fontes documentais para descubrir os indicios que conducen a versións máis fiables da nosa historia cultural. Nese ámbito o seu

exemplo iluminaranos sempre. Pero a súa obra inclúe achegas valiosas máis aló do rosalianismo, sempre dende o rigor filolóxico no campo da edición (Lamas Carvajal, Blanco Amor, Carles Riba), o estudo de epistolarios (Curros Enríquez, Eladio Rodríguez, Blanco Amor...) ou as completas bibliografías (Murguía, Luís Seoane, Alonso Montero). Traballos sempre impregnados dun perfeccionismo que abrolla en exposicións claras e sinxelas, coa profundidade do traballo filolóxico clásico, que require unha dedicación e autoesixencia que só se pode soste na paixón polo obxecto de estudo e o goce no camiño de busca do coñecemento. Paixón e goce que xeran beleza e dignidade, e que as transmiten, coma un galano, para quen queira ler e aprender a percibir máis intensamente a súa propia condición humana.